

I CONGRESO GALICIA é ESS

Recoñecendo a Economía Social e Solidaria

24 e 25 de outubro do 2024
Museo do Pobo Galego - Compostela



FINANCIA:

ORGANIZA:

COLABORA:



PRESENTACIÓN

Os días 24 e 25 de outubro celebramos o 1º **Congreso de Economía Social e Solidaria** en Galicia, impulsado por REAS Galicia e financiado pola Rede Eusumo. Este Congreso quere ser un espazo de encontro entre diferentes axentes, entidades, colectivos, movementos sociais e persoas vinculadas e con interese en coñecer, debater e reflexionar sobre a Economía Social e Solidaria na nosa comunidade.

“Recoñecer a Economía Social e Solidaria” é o fío condutor desta edición, recoñecemos a nós mesmas para que outras nos recoñezan como axente clave de transformación. Para iso, queremos afondar na nosa identidade, fortalecer o noso sentido de pertenza e reforzar os nosos vínculos, divulgando o noso valor diferencial a través de proxectos referenciais de novos sectores innovadores e específicos.

Todo isto, para fomentar a reflexión e o debate sobre o papel que estamos a xogar e que podemos xogar desde a Economía Social e Solidaria (ESS) en Galicia, cara a un modelo de desenvolvemento sostible e responsable que pon a vida no centro, e promover a xeración colectiva de alternativas e novas propostas de futuro para o noso territorio en clave de ESS en sectores como agroalimentación, alimentación sostible, industrias culturais, transición enerxética, vivenda ou coidados.

PÚBLICO DESTINATARIO

Este Congreso convida á participación de perfís diversos: estudantado universitario, persoal técnico e voluntariado de ONG e entidades do terceiro sector, colectivos e movementos sociais, plataformas, entidades de Economía Social, representantes de entidades públicas, emprendedoras e, sobre todo, ao propio sector que conformamos a ESS galega, para reflexionar sobre o presente e o futuro da Economía Social e Solidaria.

AVANCE PROGRAMA



16:30 – 16:45h.	Apertura portas e recepción participantes.
16:45 – 17:10h.	Benvida REAS Galicia.
17:10 – 17:40h.	Inauguración do Congreso: <ul style="list-style-type: none">○ Presidenta de REAS Galicia.○ Xunta de Galicia.○ Deputación da Coruña.○ Concello de Santiago.
17:40 – 18:40h.	A ESS transforma a economía e o mundo. <ul style="list-style-type: none">➤ En clave de sustentabilidade.➤ En clave de cooperación.➤ En clave de compromiso coa contorna.
18:40 – 19:40h.	Conversa en primeira persoa: A ESS transfórmanos. <ul style="list-style-type: none">➤ Con equidade.➤ Con traballo digno.➤ Con reparto xusto da riqueza.
19:40 – 20:00h.	Dinámica participativa e café de comercio xusto.



10:30 – 11:30h.	A Economía Social e Solidaria de Galicia no tempo: De onde vimos e que facemos?
11:30 - 12:30h.	O trivial da ESS: Que sabemos da Economía Social e Solidaria e de REAS? Café Encontro.
12:30 - 14:30h.	Mesas de traballo paralelas: (a escoller polas persoas participantes) 1. Mesa 1: Quen somos ESS? <ul style="list-style-type: none">○ Que lóxicas quedan fóra?○ Como nos recoñecemos?○ Como impulsamos o noso compromiso coa transformación? 1. Mesa 2: Unha economía que poida responder aos retos civilizatorios: Vivenda, coidados, territorio, alimentación.
14:30 – 16:30h.	Pausa xantar.
16:30 – 19:00h.	Imaxinación ao poder! A economía que precisamos. Cara a onde imos.
19:40h.	Peche festivo.



Acompáñanos?
Agardamos a túa inscrición en:
bit.ly/INSCRICIÓNSCONGRESOESS

comunicacion_reasgz@reasnet.com

Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2023/2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social.